

NOVEMBRO
BIBLIOTECA PÚBLICA DE PONTEVEDRA

Alemaña no outono: Christian Petzold

Martes 3 ás 19.00 h

Bárbara (2012, 105', V.O.S.E.)

Martes 11 ás 19.00 h

Die innere Scherheit (2000, 106', V.O.S.E.)

Martes 17 ás 19.00 h

Jerichow (2008, 93', V.O.S.E.)

Martes 24 ás 19.00 h

Gespenser (2005, 85', V.O.S.E.)

CINEMA E ARQUITECTURA

No-Res.



Vida i mort
d'un spai
en tres actes

<https://www.facebook.com/cineclubepontevedra>
<http://cineclubepontevedra.blogspot.com.es>

Outra cidade

O documental *No-Res*, dirixido por Xavier Artigas, certifica a morte da Colònia Castells, situada no barrio barcelonés de Les Corts, un destes oasis que resistían, coma a «aldeia dos galos», ao Monstro do Ladrillo. Paradoxicamente, a Colònia Castells foi construída a principios do século xx para os traballadores dunha fábrica próxima, polo que nos seus comezos distaba moito do que actualmente é: unha especie de aldeíña balear, con casas baixas e sen apenas tráfico, invadindo a grandilocuencia e rendibilidade da moderna e cosmopolita Barcelona.

O título do documental alude ao desenlace do relato. O *No-Res* (A Nada) é o final que lle agarda á Colònia Castells ao rematar o seu camiño. Artigas, formando tándem co tamén sociólogo Daniel Lacasa, filma dende o comezo do proceso esta crónica dunha morte anunciada. E do mesmo xeito que a excelente *Hunger* (Steve McQueen, 2008) relataba en tres actos a desaparición dun home (e con el, a relativización dos seus ideais fronte á morte), *No-Res* estrutúrase en tres bloques (Vida-Taxidermia-Morte) para certificar o derribo do barrio e de toda alternativa ao modelo urbanístico.

[...]

Atendendo dalgún xeito á premisa godardiana de «non facer filmes políticos senón facelos politicamente», Metromuster, a produtora do filme, optou polo crowdfunding como estratexia de financiamento dun proxecto que non foi vendido de antemán a ningunha distribuidora nin cadea de televisión. No seu lugar, procurouse o apoio de asociacións culturais afíns á causa, así coma de calquera persoa que, cunha doazón económica a través da páxina web do proxecto (<http://www.no-res.cc>), queira colaborar coa produción do filme e involucrarse nel dende o principio. Do mesmo xeito, optouse por unha licenza Creative Commons que permitirá a máxima e libre circulación do filme unha vez rematado.

(non) é posible

[...]

No-Res preséntase como un filme observacional, interesado en desecar unha realidade que desaparece aos poucos fronte á cámara, acompañando até a fin ao doente no seu leito de morte. Sabedor da imposibilidade de acadar a obxectividade das imaxes, o documental non agacha o seu posicionamento ante a causa, mais deixa que sexa a propia situación a que se exprese, instrumentalizada polo son urbano e sen voz en off que a subliñe ou dramatice.



No-Res. Vida i mort d'un spai en tres actes (2012, 86'). Xavier Artigas